

IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. INTRODUCCIÓN:

O Plan de Prevención de Riscos Laborais da UDC elabórase ao abeiro da Lei de prevención de riscos laborais.

O lexislador, na propia exposición de motivos da lei, asume a responsabilidade de configurar o marco xeral da actuación preventiva recollendo o mandato constitucional prescrito polo artigo 40.2 da Constitución Española. Así, en coherencia coas decisións da Unión Europea, promulga a citada Lei 31/1995 do 8 de novembro, traspoñendo ao dereito español as Directivas 89/391/CEE, 92/85/CEE, 94/33/CEE e 91/383/CEE relativas ao marco xurídico xeral no que opera a política de prevención comunitaria, á protección da maternidade, á protección dos mozos e ao tratamento das relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal, respectivamente. Asume, igualmente, os compromisos contraídos polo Estado Español coa Organización Internacional do Traballo a partir da ratificación do Convenio 155.

A lei considera insuficiente protección do traballador fronte aos riscos laborais o mero cumprimento formal dun conxunto de deberes e obrigas empresariais e una simple corrección a posteriori de situacións de risco xa manifestadas; como consecuencia, establece un **novο enfoque** na prevención dos riscos laborais integrado polos seguintes elementos básicos:

- A planificación da prevención dende o momento mesmo do deseño empresarial. (Art. 1 RSP)
- A avaliación inicial dos riscos inherentes ao traballo e a súa actualización periódica a medida que se alteren as circunstancias. (Art. 16 LPRL)
- A ordenación dun conxunto coherente e globalizador de medidas de acción preventiva adecuadas á natureza dos riscos detectados. (Art. 16.2, 20, 22, 24,... LPRL. Art. 1, 2, 8, 9 RSP)
- O control da efectividade de tales medidas. (Art. 16.1, 16.2 LPRL)

- A información e a formación dos traballadores dirixidas a un mellor coñecemento tanto do alcance real dos riscos derivados do traballo como da forma de previlos e evitalos, de maneira adaptada ás peculiaridades de cada centro de traballo, ás características das persoas que nel desenvolven a súa prestación laboral e á actividade concreta que realizan. (Art. 18, 19 LPRL)

Con base nestes principios regula un conxunto de dereitos e obrigas dos suxeitos integrantes que reforzan os obxectivos de **responsabilidade, cooperación e participación** inspiradores da lei no seu conxunto.

Coa implantación do Sistema de Xestión da Prevención dos Riscos Laborais preténdese establecer, instaurar e poñer en execución un conxunto de actividades encamiñadas ao logro dos obxectivos da política preventiva da UDC, a través das especificacións necesarias para:

- O desenvolvemento da acción preventiva.
- A aplicación dos elementos dun **sistema de xestión integrado** na xestión xeral da universidade e **integral** de tódolos riscos da empresa e en cada un dos postos de traballo.

2. SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A lexislación de prevención de riscos laborais impón ao empresario o deber xeral de protección dos traballadores ao seu servizo, como consecuencia, obrígao a organizar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas de acordo con algunha das modalidades que establece o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Pola súa configuración a Universidade da Coruña ten a obriga de constituír un servizo de prevención propio. Ao mesmo tempo, ten o deber de concertar cun servizo de prevención alleo aquelas actividades que non sexan asumidas polo servizo de prevención propio.

Características do servizo de prevención propio:

Constituirá una unidade organizativa específica que contará coas instalacións e os medios (humanos e materiais) necesarios para a realización das actividades preventivas que vaian desenvolver na empresa.

Terá carácter organizado e multidisciplinar, entendendo como tal a conxunción coordinada de dúas ou máis disciplinas técnicas ou científicas en materia de prevención de riscos laborais. As disciplinas preventivas que recolle o Regulamento dos Servizos de Prevención son as seguintes:

Seguridade no traballo, pola cal se estudan os axentes materiais que, por presentar deficiencias ou factores de inseguridade, son xeradores de risco de accidente. Debe terse en conta, non obstante, que os factores organizativos (e non só os materiais) atópanse na orixe dos problemas.

Hixiene industrial, disciplina que estudia a agresividade derivada da presenza no medio ambiente de traballo de contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos que poden entrar en contacto coas persoas que traballan e afectar negativamente á súa saúde.

Ergonomía e psicosocioloxía aplicada, analiza a actividade laboral tendo en conta a compoñente física e mental do individuo, estuda por tanto a carga física, a carga mental e a organización do traballo desde diversos puntos de vista.

Medicina do traballo, encargada fundamentalmente da medicina preventiva laboral e da prestación de asistencia sanitaria por patoloxía de orixe laboral.

Os seus integrantes dedicarán de forma exclusiva a súa actividade na empresa á finalidade deste e a súa actividade estará guiada polos principios de:

Coordinación entre expertos, en particular en relación coas funcións relativas a:

- deseño preventivo dos postos de traballo.
- A identificación e avaliación dos riscos.
- Os plans de prevención.
- Os plans de formación dos traballadores.

Ordenación de actividades.

Programación de acordo coa memoria e programación anual dos servizos de prevención.

Funcións do Servizo de Prevención Propio:

Os servizos de prevención deberán estar en condicións de proporcionar á empresa o **asesoramento e apoio que precise** en función dos tipos de risco nela existente e no referente a:

1. O deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva.
2. A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde dos traballadores nos termos previstos na Lei de prevención de riscos laborais.
3. A determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas adecuadas e a vixilancia da súa eficacia.
4. A información e formación dos traballadores.
5. A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
6. A vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do seu traballo.

3. SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS

A necesidade da implantación dun sistema susténtase no mandato regulamentario (Art. 1 RSP) de integración da prevención de riscos laborais no conxunto de actividades e decisións da universidade, tanto nos procesos técnicos coma na organización do traballo e nas condicións en que este se preste, como na liña xerárquica da empresa, incluídos tódolos niveis desta.

Considérase como fórmula eficaz e eficiente de lograr esta integración a implantación dun sistema acorde coas directrices das Normas UNE 81.900 EX regras xerais para a implantación dun sistema de xestión da prevención de riscos laborais e UNE 81.905 Guía para a Implantación dun Sistema de Xestión da Prevención de Riscos Laborais. As ditas normas, avaladas polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, proporcionan un método para xestionar a seguridade e saúde con criterios de calidade. Propoñen o seguinte proceso de xestión do risco:

Con respecto á posta en marcha do sistema, acompáñase como anexo a este comunicado o esquema do **Plan Inicial de Implantación**. No relativo ás metodoloxías a aplicar nas avaliacións dos riscos, proponse seguir as directrices que marca o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo na correspondente Guía, agrupando as avaliacións en catro grandes grupos:

1. Avaliacións de riscos impostas pola lexislación específica, ben sexa pola lexislación industrial (caso da normativa de incendios, instalacións, máquinas e equipos) ou ben pola lexislación de propia de prevención de riscos laborais (como é o caso dos lugares de traballo, sinalización, construción, equipos de traballo, ruído, axentes químicos, radiacións ionizantes, PVD, manipulación manual de cargas, etc)
2. Avaliacións de riscos para as que non existe lexislación específica, sen embargo existen normas ou guías técnicas de entidades oficiais ou de recoñecido prestixio (caso da exposición a certos campos electromagnéticos, stres térmico, vibracións, radiación óptica láser, etc.)
3. Avaliacións de riscos que precisan métodos especializados de análise, relacionados normalmente coa prevención de accidentes graves.
4. Avaliación xeral de riscos, cando o risco non se atopa recollido nos tres tipos de avaliacións anteriores, poden utilizarse métodos cuantitativos ou cualitativos, trátase de avaliacións globais que permiten coñecer a situación das condicións globais da empresa.

4. PRINCIPIOS BÁSICOS DO SISTEMA

Logro do nivel máis alto de seguridade e saúde no traballo baseándose nos principios de **mellora continua** do sistema de xestión da prevención, considerado este como un proxecto permanente .

Liderado empresarial, integrando a xestión da prevención no sistema xeral de xestión da universidade, creando una cultura preventiva positiva baseada na **responsabilidade e cooperación a tódolos niveis**.

Corresponsabilidade de tódolos traballadores da universidade, polo que cada traballador é obxecto e suxeito da prevención dos riscos laborais.

Garantías de: **participación** de tódolos traballadores, **formación** adecuada para o logro de actitudes e aptitudes que propicien comportamentos seguros e aceptables para o sistema,

información necesaria sobre os riscos e medidas preventivas oportunas directamente a cada traballador ou a través dos seus representantes fomentando a participación na mellora continua.

Dotación ao sistema dos **recursos** humanos e técnicos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade de prevención de riscos laborais.

Fomento da **actuación preventiva** fronte á acción reparadora, aplicada a todas as fases da actividade universitaria.

5. OBXECTIVOS DO SISTEMA

O cumprimento da lexislación vixente.

A mellora da calidade de vida no traballo, coa finalidade de garantir un nivel adecuado de seguridade e saúde a tódolos traballadores da UDC en tódolos centros de traballo.

A diminución da frecuencia e gravidade dos accidentes e incidentes.

A diminución do nivel de risco obtido nas respectivas avaliacións.

A mellora na definición, desenvolvemento e mantemento de políticas, sistemas organizativos, procedementos e sistemas de control da prevención de riscos laborais.

A mellora da cultura preventiva, o incremento do nivel de cumprimento de normas e procedementos de seguridade.

A protección do medio ambiente e do patrimonio da empresa.

A mellora da calidade, produtividade e competitividade empresarial.

PLAN INICIAL DE IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS NA UDC

ACCIÓN PREVENTIVA

- ANÁLISE DO INVENTARIO DE POSTOS DE TRABAJO DA UDC
(Todos e cada un)
- ESTRUCTURACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

OBXECTIVO

- DETERMINACIÓN DE CENTROS DE TRABAJO: AGRUPAMENTOS, DEPENDENCIAS.
- DETERMINACIÓN DE NECESIDADES EN MATERIA DE COLABORADORES DE PREVENCIÓN.
- ELABORACIÓN DE ENQUISA PREVIA Á AVALIACIÓN DOS RISCOS. (Para cada traballador)

- IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS LABORAIS EN CADA POSTO DE TRABAJO. (Condições totais de traballo de cada posto)
- EVITACIÓN DOS EVITABLES.
- AVALIACIÓN DOS NON EVITABLES.

- DISTINGUIR OS POSTOS DE TRABAJO CON RISCO DOS QUE NON O TEÑEN.
- SE EXISTE RISCO, DISTINGUIR SE É OU NON EVITABLE.
- SE O RISCO É INEVITABLE: DETERMINAR A MAGNITUDE DESTE, BAIXO OS SEGUINTE PUNTOS DE VISTA:
 - Das condicións de seguridade
 - Das condicións ambientais.
 - Da carga de traballo.
 - Da organización do traballo.

- IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS COMÚNS A CADA CENTRO DE TRABAJO.
- EVITACIÓN DOS EVITABLES.
- AVALIACIÓN DOS NON EVITABLES.

- CONTROL DOS CENTROS E LUGARES DE TRABAJO SEGUNDO REGULAMENTACIÓN ESPECÍFICA. INFORME DE OBRIGAS.
- CONTROL DE INSTALACIÓNS XERAIS DOS EDIFICIOS, MÁQUINAS E EQUIPOS DE TRABAJO SOMETIDOS A REGULAMENTACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL. INFORME DE OBRIGAS.

ACCIÓN PREVENTIVA

- PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN PREVENTIVA. (Como resultado da avaliación)
- CONTROL DA EFICACIA DAS ACCIÓNS TOMADAS.

OBXECTIVO

A CURTO PRAZO :

- PROGRAMA ANUAL DE ACTUACIÓN, DEBATIDO NO SEO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DA UDC, ATENDENDO A UNHA ORDE DE PRIORIDADES NOS SEGUINTE ASPECTOS:
 - Actuacións de protección colectiva en edificios e urbanizacións.
 - Actuacións de protección individual en cada posto de traballo.
 - Formación e Información aos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.
 - Controis da saúde dos traballadores.
 - Control de emerxencias.
 - Atención a traballadores especialmente sensibles.
 - Subministración e utilización de EPI, equipos de traballo, produtos, etc.

A LONGO PRAZO:

- ELABORACIÓN DO MANUAL DO SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA UDC, ACTUALIZABLE, CO OBXECTIVO FUNDAMENTAL DE INTEGRAR A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN TODOS OS NIVEIS XERÁRQUICOS DA UNIVERSIDADE.

(Artigo 1 do Regulamento dos Servizos de Prevención, 2º inciso: "A integración da prevención en todos os niveis xerárquicos da empresa implica a atribución a todos eles e a asunción por estes da obriga de incluír a prevención de riscos en calquera actividade que realicen ou ordenen e en todas as decisións que adopten).

Punto de partida do manual: Declaración da política preventiva da UDC

Contido:

- Obxecto. Definicións. Información xeral.
- Estructura organizativa da universidade.
- Atribución de funcións.
- Interrelacións do sistema.
- Metodoloxías de traballo: prácticas, procedementos, procesos. Recursos.
- Documentación anexa.

Aspectos importantes nos que incidir a través de procedementos documentados:

- Control da documentación.
- Control dos rexistros.
- Seguimento e medición de resultados. Revisión do sistema.
- Coordinación de actividades empresariais na contratación de: obras, subministracións e servizos.
- Requisitos esixibles aos equipos de traballo, instalacións, produtos, etc. (Control de compras, recepcións...)
- Boas prácticas de traballo por profesións.
- Información vertical e horizontal dos riscos inherentes ao traballo.
- Formación dos traballadores.
- Control da saúde dos traballadores.
- Control do incidente e do accidente laboral.
- Control do traballo temporal, traballadores especialmente sensibles.
- Plans de emerxencia e evacuación por centro de traballo.
- Controis periódicos das condicións de traballo.
- Adopción e seguimento de accións correctoras.